temos claro é que son galiñas moi boas, poñedoras e moi cariñosas.



3.4.- OS ACUARIOS: Cría de peixes cebra

O peixe cebra (*Danio rerio*), un pequeno peixe orixinario do sueste asiático, é utilizado como organismo modelo para experimentación en diversas áreas de investigación como a biomedicina, a acuicultura ou a alimentación. Xunto co rato son os organismos modelo por excelencia dentro dos vertebrados.



Algunhas das principais características que fan ao peixe cebra unha especie de gran interese son o seu pequeno tamaño, as elevadas descendencias obtidas cun tempo xeracional moi curto (3 meses) e unha fertilidade relativamente alta que permiten un fácil manexo, a custos moi reducidos, de grandes cantidades de individuos. Ademais, a fecundación é externa, o que permite que se poidan dirixir as cruces, dando lugar a embrións transparentes nos que se pode seguir e analizar todo o proceso de formación de órganos.

O xenoma do peixe cebra está secuenciado por completo e achouse unha gran similitude co xenoma humano. O coñecemento do seu xenoma permitiu a procura e xeración de organismos mutantes nos que se pode

estudar con todo detalle a actividade de multitud de xenes in vivo, xa sexa de variantes xenéticas da propia especie, como xenes de interese de diferentes especies.



A posibilidade de utilizar nas aulas especies animais que permitan pór en práctica de maneira sinxela o método científico e, coñecer ao mesmo tempo novas tecnoloxías biolóxicas para experimentación, supón un achegamento ao mundo da investigación co propósito de incentivar as vocacións científicas.

Obxectivos

- Manexar no laboratorio o peixe cebra como organismo modelo de experimentación e o seguimento do seu ciclo biolóxico.
- Coñecer as novas tecnoloxías xenéticas (transgénesis e xenotrasplantes) a través dunha ferramenta virtual que achega aos alumnos aos últimos avances da ciencia.
- Adquirir un vocabulario científico técnico tanto en castelán como en inglés, que lles permita ser capaces de entender un texto científico básico.

- Deseñar novos experimentos cun organismo modelo e aplicando as tecnoloxías xenéticas.
- Xerar un achegamento á ciencia de maneira práctica e innovadora mediante un acuario na aula e un laboratorio virtual.
- Concienciar aos alumnos das posibilidades profesionais da ciencia, e da importancia da mesma para o desenvolvemento socioeconómico dun país.
- Fomentar o debate na aula achega do coñecemento científico e as súas implicacións éticas no desenvolvemento de novas tecnoloxías.

METODOLOXÍA

-Este proxecto desenvólvese mediante un acuario na aula e un simulador pedagóxico (laboratorio virtual).

-Introducimos no acuario oito femias e catro machos adultos, os cales se distinguen perfectamente xa que os machos son más delgados e as femias más grosas porque teñen os ovos na súa barriga. Unha característica dos peixes cebra é que son case transparentes e podemos ver facilmente os seus órganos internos. Se miramos ás femias fixamente podemos ver os seus ovos na barriga.

-A alimentación realizaase 2 veces ao día (9:00 da mañá e 8:00 da tarde) con escamas de peces.

-Mantemos sempre a temperatura constante a 28°C xa que son peixes de auga quente.

-A depuradora consta de varios filtros, de esponxa fina, grossa, de carbón activo, os cales se limpan semanalmente con auga e substitúense cada 3 meses.

-Engadimos canicas no fondo do acuario para simular pedras de canto rodado e algunha planta artificial.

-Mantemos o ciclo de día-noite de 14 horas de día e 10 horas de escuridade, é moi importante manter este ciclo de día-noite para obter os mellores resultados na fecundación.

-Limpeza semanal do acuario: retiramos o 20% de auga do acuario e substitúese por auga limpa á que lle engadimos 10 ml de acondicionador, tamén limpamos as paredes do acuario cun imán, así como todos os elementos accesorios do acuario.

-Unha vez á semana engadímoslle 10 ml de antialgas.

-Cada 2 meses facemos a limpeza completa do acuario cambiando toda a auga (40 litros)

-Realizamos varios cruzamentos:

- 1) Mediante unha “parideira” separamos 4 femias e 2 machos deixando flotar a “parideira” no acuario. Mantivemos separados aos machos e ás femias durante 10 horas en escuridade para que as feromonas liberásense. Ao día seguinte, ao pór a luz e quitar o separador de machos e femias, puidemos ver como se realizaba a fecundación, o macho dáballe unhas rabexadas á femia na barriga para avisala de que era o momento de liberar os ovos e a continuación o macho liberaba o seme.
- 2) Puxemos un recipiente de cristal na base do acuario recuberto por unha rede, este recipiente colocámolo á noite e retirámolo á mañá seguinte, igual que antes mantendo as 10 horas de escuridade. A rede colocámola para evitar que os peixes se coman os ovos.
- 3) Puxemos un recipiente de cristal na base do acuario con canicas no fondo, este recipiente colocámolo á noite e retirámolo á mañá seguinte despois de 10 horas de escuridade. As canicas colocámolas para evitar que os peixes se coman aos ovos.

-Os ovos obtidos pasámolos a unha placa “petri” por decantación e así os días seguintes puidemos observar ao microscopio as distintas etapas desde ovo-larva e adulto.

-Utilizamos un simulador pedagóxico, cada alumnos realizou distintas probas prácticas co computador relacionadas coa limpeza do acuario, uso de material de laboratorio, prácticas das leis de Mendel, transgénesis, xenotrasplantes... conseguindo unha puntuación segundo o número de acertos e fallos obtidos para así conseguir o trofeo de ouro, prata ou bronce.

3.5.- VIVEIRO DE HORTALIZAS E ÁLOE VERA



No Seminario hai moitos recunchos interesantes. Agora vos imos falar de dous que coidamos acotío: o viveiro de hortalizas e o cultivo de áloe vera.

O VIVEIRO

O viveiro partiu dunha idea de Pedro, o “manitas” do Seminario. Conseguiu facerse con moitas macetas e sementeiros para poder conseguir tomates, pementos, leituga, fresas e algunhas cousas máis. E abofé que medran as plantiñas. O lugar que escolleu para este proxecto foi un alpendre cuberto con pranchas de policarbonato transparente que permiten o paso da luz ambiente pero impiden a fuxida da calor. Deste xeito a temperatura no local mantense 10 graos ou máis por enriba da ambiental.

Agora, coa chegada da primavera, as sementes de moitas hortalizas necesitan auga e unha calor intensa para brotar. Os pementos, por exemplo, son moi duros en saír pois tardan entre unha semana e quince

días en botar as primeiras folliñas. Ás veces é preciso colocar os tarriños onde se colocaron as sementes sobre radiadores de calor para que non “enfríen”. Os tomates son menos esixentes pero, con todo, tamén lles gusta a calor.



No viveiro hai pementos de tres clases: de Arnoia, do Padrón e morróns, en total unhas 80 plantiñas. Tomates temos de dúas clases: Raf e Cherry.



A morfoloxía do tomate Raf é especial e moi característica. É un froito de forma irregular con profundos regos que terminan no centro, de forma ovalada e achataido polos extremos. Estes regos fano moi recoñecible e dan fe da súa calidade. A súa cor é dun verde intenso con pinceladas que se aproximan ao negro no seu parte superior.



No seu interior atópase a polpa cunha coloración rosácea, de textura compacta moi firme e zumenta, carnoso e con sementes pequenas. É consistente e, polo xeral, ten un delicioso sabor doce debido ao equilibrio entre os en azucres e a acidez de tipo cítrica e málica. A maduración prodúcese de dentro a fóra.

A tomateira raf é unha planta vigorosa que pode producir tomates de máis dun kg de peso. A súa envergadura natural pode acadar os 4 m mentres que en producción de cando en cando déixaselle pasar do metro e medio.



macetas no interior do local.

O Cherry é unha variedade moi apreciada culinariamente. Son eses tomatiños pequenos que parecen cereixas, ideais para consumo en fresco. Necesita entutorado pois a planta medra e ramifica moito. O froito é unha bola pequena, dun tamaño pouco maior ao dunha cereixa. Requiere grandes cantidades de luz e auga.

Nesta imaxe podes ver a ristra de tomatiños que produciu esta planta que cultivamos o ano pasado. Aquí tamén podes apreciar o sistema de rega por goteo e o cultivo en

Tamén aproveitamos as leitugas e as fresas que se cultivan en macetas.

Toda esta producción sostense grazas ó abono que conseguimos ano tras ano na compostadora que nos facilitou xa hai tempo Voz Natura. Aquí metemos detritos, follas e restos alimentarios que imos atopando. Fermentan e, ó cabo dun ano temos un compost de primeira calidade.



O CULTIVO DE ÁLOE VERA

Unha pequena planta de áloe vera traída por un alumno ao Seminario produciu centos de plantas nestes anos. O Seminario parece ser que é un lugar adecuado para o seu desenvolvemento e reprodución.

Ao longo de todos estes anos fomos coñecendo as características desta planta, a súa historia, a súa composición, propiedades e o que é máis importante experimentamos con algunha das súas aplicacións.

Para a súa difusión, na festa de fin de curso, todos os anos regalamos unha planta para cada familia.

Un breve resumo do que aprendemos e realizado témolo a continuación:

HISTORIA

O áloe vera, lirio do deserto, planta milagrosa, planta da inmortalidade, planta bíblica, pola de veces que se menciona tanto no antigo como no novo testamento, planta da saúde e da beleza, raíña das plantas en medicina natural... entre os tantos xeitos de chamala, é unha planta perenne, orixinaria das costas nor-orientais de África, de onde chegou a América central da man dos xesuítas, onde atopou a contorna adecuada para o seu desenvolvemento óptimo, sempre caracterizado por un clima seco e caloroso.



O áloe vera usouse ao longo da historia da humanidade, ata os nosos días, tanto no tratamento das enfermidades como na cura da pel e o cabelo. Así observamos como en manifestacións antigas de gravados exípcios

aparecen alusións á utilización como fonte de saúde e benestar. Nefertiti e Cleopatra incluíano nos seus tratamentos de beleza. Aristóteles recomendáballe a Alexandre Magno para a rápida cura dos seus soldados. Marco Polo sinalaba o seu uso habitual na corte chinesa, como alivio de doenzas estomacais. Os indios americanos empregábana desde acondicionador do cabelo ata como tónico estomacal...

O seu uso decae, pero ao final da 2ª guerra Mundial redescóbrese o poder do áloe vera ao comprobar que os habitantes de Hiroshima e Nagasaki, os cales padeceron queimaduras, logo dun tratamento con áloe vera, curábanse máis rapidamente e, en moitos casos, sen sinais nin cicatrices.



COMPOSICIÓN

Polisacáridos de posible acción estimuladora do sistema inmunolóxico

Resinas protectoras

Aminoácidos e proteínas de gran valor biológico

Vitaminas

Enzimas

Gran cantidad de oligoelementos sendo o xermanio o más destacado.

PROPIEDADES

Nutritivo inhibidor da dor antiinflamatorio

Cicatrizante Bactericida dixestivo

Depurador rexenerador celular antibiótico

Antiséptico coagulante antiviral

É un increíble antitóxico e antimicrobiano. É analxésico e anticoagulante. É un estimulante do crecemento celular. Actúa eficazmente contra as dores dentais e das enxivas, neuralxias, aftas, laringite, disfonía, amigdalite, anxinias, placas e calquera afección bucal ou farínxea. Cura as feridas necrosantes, como as queimaduras, rexenerando os tecidos e cicatrizándoos.

Alivia a dor dos golpes, escordaduras, luxacións, dores musculares, artríticos e reumáticos, os pés cansos, cura as feridas cortantes, o herpes, tíngaa, as infeccións producidas por estafilococos e outras infeccións bacterianas como a gastroenterite, colite, enterocolite, vaxinite, cólera, disentería, sífilis e outras enfermidades venéreas. Cura as feridas das enfermidades eruptivas como o sarampelo, a varicela ou a escarlatina xa que as súas propiedades antiinflamatorias reducen a picazón e evita que se rasquen as vexigas. Poden tratarse as verrugas, as frieras, o eccema, a psoríase, a dermatite seborreica, a erisipela, o pé de atleta, os callos, as picaduras de insectos, arañas, escorpións, serpes, medusas...

Reduce os efectos das alerxias, indigestión, acidez estomacal, gastrite, úlceras duodenais e estomacais, úlceras oculares, hemorroides e afeccións do aparello dixestivo.

É un gran antiviral. Emprégase contra a gripe, a hepatite, pneumonía vírica e meninxite vírica. Reforza o sistema inmunolóxico e no caso da SIDA evita que o virus se estenda polo organismo, axudando aos enfermos a recuperar a vitalidade e os niveis enerxéticos normais.

Equilibra a tensión arterial, diminúe o risco de infarto. É bo contra a pinga, as xaquecas e migrañas, a halitose ou insomnio. Tonifica o organismo e abre o apetito. É antioporose e antidiabética. Calma a dor das varices.

Anticanceríxena, elimina o cancro de pel aplicando o mollo de 2 a 4 veces ao día todo o tempo que sexa necesario.

Calma a dor de oídos...

Todas estas propiedades podemos resumilas nun decálogo, as 10 RAZÓNS PARA USAR A ALOE BEIRA

1. INHIBIDORA DA DOR
2. ANTIINFLAMATORIO
3. COAGULANTE
4. QUERATOLITICO
5. ANTIBIÓTICO
6. REXENERADOR CELULAR
7. ENERXÉTICO E NUTRITIVO
8. DIXESTIVO
9. DESINTOXICANTE
10. REHIDRATANTE E CICATRIZANTE

PREPARACIÓN

Si imos utilizar as follas frescas, para uso local externo, separamos as espiñas, cortándoas da folla, cortaremos un anaco duns cinco centímetros e partiremolo pola metade, quedando en forma de libro, isto poderémolo aplicar de forma xenerosa e cunha masaxe circular na zona da pel que desexemos.

Os resultados son espectaculares. Deste xeito aplicárono varios alumnos durante unha semana pola noite logo de lavarse a cara.

Si queremos utilizar o xel para aplicacións internas ou para comelo, debemos separar as dúas capas superficiais ou pel da folla, quedándonos co xel ou mucílago. Esta pode tomarse na ensalada en pequenas proporcións ou para diversas preparacións.

RECEITAS

Ademais de usala ao natural, preparamos refrescos, batidos, xaropes e xabón. As receitas preparadas foron as seguintes:

REFresco de AloeVera:

Pelamos o áloe vera, porque só aproveitamos a xelatina. Engadimos auga e batemos, engadimos azucré e batemos máis. Engadimos auga con gas e xa temos un delicioso refresco.

BATido de AloeVera:

Batemos a xelatina (parte interior da áloe vera) con leite e azucré. En lugar de leite pódese emplegar limón ou laranxa. Xa temos un delicioso batido.

ALOEVERA COMO PREVENTIVO DE ENFERMIDADES

Compoñentes: 400 gramos de áloe vera, 1 litro de mel e 6 culleradas sopeiras de augardente.

Cortámoslle as espinas e picámola. Poñémola co resto dos compoñentes nunha licuadora. Conservamos este xarope no frigorífico.

Tómase unha cullerada media hora antes de cada comida durante 10 días. Pódese repetir ao mes seguinte.

XABÓN DE ÁLOE VERA.


Compoñentes: 1 litro de aceite, 1 litro de auga, 166 g de sosa, áloe vera e un pouco de sal. Disolvemos a sosa na auga quente e engadímoslle un pouco de sal. Imos engadindo aos poucos o aceite quente revolvendo sempre na mesma dirección. Cando baixa a temperatura engadimos áloe vera (a parte interior) e seguimos revolvendo durante unha hora.

Repartímolo en moldes, dous días despois cortámolo e finalmente esperamos un mes antes de usalo.

ENSALADA DE ALOE

Tamén podemos incluíla en ensaladas variadas. Por exemplo, córtase un cuarto de col vermella en rodas moi delgadas e logo, engádese un cogombro en rodas finas, un puñado de noces picadas e unha presa de pasas. Aderézase con aceite de oliva, media culleriña de mostaza e un anaco de áloe vera picado delgado. De igual modo pódese incluír nunha típica ensalada de leituga, tomate e cebola.

4.- INICIATIVAS TECNOLÓXICAS



Gústanos discorrer. Somos argalleiros por natureza e queremos que o noso traballo se faga notar. Queremos ser pioneiros no achegamento da ciencia ós cativos e mozos, sen caer na bufonada ou no experimento para a galería, tal como estamos afeitos a ver na tele e que non supón ningunha ciencia máis aló dunha simple receita. Por iso estamos sempre buscando alternativas atractivas pero de profundo sentido científico, que permitan comprender fenómenos naturais e tamén que posibiliten as explicación formalmente científicas.

Non nos gusta a ciencia cara. Usamos materiais principalmente reciclados ou frecuentes nos nosos domicilios para non cargar máis o delicado peto das familias e dos rapaces. Cremos que é posible innovar con humildade, con creatividade, sendo o propio alumno o que constrúa o aparello para que se atope de fronte coas dificultades técnicas e as esixencias que fan “funcionar” o seu experimento.

4.1.- MÁQUINAS DE APROBEITAMENTO ELECTRICO

A electricidade é a forma de enerxía máis empregada na actualidade e quizás a más importante da civilización actual. Grazas a ela dispoñemos das últimas tecnoloxías, podemos comunicarnos e tamén desprazarnos. Simplemente resultaría imposible sobrevivir actualmente sen este recurso.



Pero a enerxía eléctrica é unha enerxía intermediaria: conseguímola transformando outras enerxías nela e, despois, volvémola a transformar en luz, calor, traballo ou ondas electromagnéticas. Un proceso tan complexo

debe acadar explicación desde idades temperás e tamén debemos discernir qué procesos son más ecolóxicos e cales más nocivos ou contaminantes. Así podemos obter enerxía eléctrica de fontes renovables como a enerxía solar fotovoltaica, a enerxía eólica, ou a enerxía hidráulica. Pero todas estas fontes teñen o inconveniente de ser esporádicas e aproveitables segundo circunstancias específicas polo que se complementan con outras fontes enerxéticas que poden render á vontade. Mais estas últimas son contaminantes e moi prexudiciais para o medio ambiente. Tanto a electricidade obtida de combustibles fósiles coma a de orixe nuclear deben ser substituídas polas renovables canto antes.

O obxectivo desta actividade que promovemos foi a de deixar patente que hai posibilidades (aínda pouco exploradas) de obter electricidade de xeito sostible a partir da auga ou dos refugallos. Así que deseñemos dous mecanismos que permiten a experimentación coa electricidade con escaso perigo. Deste xeito podemos estudar a electricidade, as súas propiedades e efectos e, paralelamente, os medios de obtención renovables.

Máquina electrostática de Kelvin



Esta máquina foi deseñada polo famoso científico británico do século XIX para intentar explicar o mecanismo de formación das tronadas. A máquina extrae unha pequena cantidade de electricidade estática de dous chorros de auga que caen desde unha altura cara unha botellas inferiores.

Cando o chorriño en forma de cordón se rompe en gotiñas no interior dun anel metálico, estas gotas caen con algo de carga, supoñamos negativa. Ó ir cargadas vanse acumulando no recipiente inferior que fai as veces de condensador. Este vaise cargando cada vez máis negativamente conforme lle vai “chovendo” dentro. Paralelamente, esta acumulación de carga negativa transmítese mediante un cable cara o anel do lado oposto. Deste xeito as gotiñas que caen por dentro del serán de signo oposto, logo positivas, pola influencia do campo eléctrico que se ven forzadas a atravesar. O bote do lado contrario vaise cargando cada vez máis e máis positivamente cada vez que se enche de gotas de auga. Deste bote tamén sae un cable cara o anel do lado contrario cousa que funciona como unha retroalimentación do campo electrostático que permite que as gotas se carguen máis axiña do signo contrario pola influencia deste campo.

En definitiva, que chega un momento que as latas inferiores están tan cargadas que, se as aproximamos mediante uns cables rematados en punta, saltará unha chispa duns 10.000 voltios de tensión que simula perfectamente o raio das tronadas.

Podemos facer todo tipo de experimentos con esta máquina. Os máis salientables son:


- a) Podemos observar o carácter condutor ou illante dos materiais. Moitas veces pensamos que os obxectos húmidos non conducen ben a electricidade pero non é así. Se se poñen en contacto os recipientes de lata inferiores mediante unha madeira algo húmida, deixarán de acumular carga e a máquina non funcionará. Calquera contacto con papel, cartón ou tela non permite que se cargue a máquina porque son materiais que acumulan humidade. Por iso debemos ter coidado de que a máquina de Kelvin non se humedeza por fóra.
- b) Experimentamos con motores electrostáticos que xiran grazas á repulsión de láminas metálicas que se cargan do mesmo signo de corrente e da atracción daquelas que teñen o mesmo signo.
- c) Podemos comprobar como a electricidade tente a “escapar” polas puntas metálicas, sendo este o mecanismo de funcionamento do pararrayos ou o do muiño eléctrico.
- d) Investigamos como pode transformarse unha descarga eléctrica en luz se atravesa un tubo con gas a baixa presión.

Batería con latas de aluminio ou co envoltorio do bocadillo


Trátase con esta actividade de construír unha batería de corrente continua de baixa tensión (entre 10 e 12 voltios) que serva como substituto caseiro das pilas e incluso das baterías dos coches.

Nun futuro non moi lonxano agardamos que os coches sexan eléctricos e que se movan mediante baterías de aluminio, metal abundante, barato, pouco contaminante e completamente reciclable empregando enerxías renovables. Hanse abastecer deste metal en “electro-alumineiras” para recargar ou reemplazar a batería

gastada. De momento temos coñecemento de que en Israel xa conseguiron que un utilitario andivese 1500 km cunha batería de aluminio-osíxeno. Tamén sabemos que as Forzas aéreas estadounidenses teñen unha patente




dunha batería de aluminio – cloro que parece ser moi eficiente.



O procedemento que seguimos é o seguinte: Enchemos uns envases de plástico dun electrólito (líquido condutor a base de auga e lixivia), de carácter básico, que ataca quimicamente ó aluminio e o descompón a ión. Este aluminio ionizado negativamente fai aparecer no líquido acuoso un desequilibrio de carga iónicas de tipo H_3O^+ e OH^- que producen unha diferenza de potencial entre os eléctrodos: o xa mencionado eléctrodo de aluminio (ánodo negativo) e o outro de grafito inerte (cátodo positivo). Os electróns recollidos entre ambos polos serven para obter corrente continua de 1,5 voltios e 200 mA por cada célula electrolítica construída. A capacidade eléctrica observada nunha botelliña de 500 c.c. foi de 2000 mA.h por cada 1000 cm² de papel de aluminio convencional somerxido no electrólito. O recipiente deixará de producir electricidade cando se dilúa ou “oxide” todo o aluminio e se converta en hidróxido de aluminio inerte.

Se colocamos seis destas células xuntas en serie obteremos a nosa batería e poderemos aproveitar a súa electricidade.

Como podedes observar do anteriormente dito, só se necesitan dúas sustancias activas: Lixivia e Aluminio. A primeira podémola obter como produto de limpeza diluído e o segundo de latas de refresco xa utilizadas ou de papel de aluminio de envolver alimentos. Ou sexa, que sacaremos electricidade do lixo e teremos a nosa super-pila doméstica case gratis.



De momento só observamos un inconveniente: non sabemos reciclar o hidróxido de aluminio que se xera (que vai combinado con cloruro de aluminio e hidróxido de sodio), pero sabemos que son produtos que tamén aparecen nas primeiras etapas de obtención do aluminio, co que poderíamos reintroducir o aluminio de novo na cadea de produción.

Só unha cousa máis, a nosa tecnoloxía básica non permite que esta batería dure moito tempo. Para prolongar a súa duración debemos quitar o aluminio da solución alcalina.




4.2.- CONSTRUIMOS UN ARIETE HIDRÁULICO

Os arietes hidráulicos, son un dos tipos de bomba de auga que funcionan aproveitando a enerxía hidráulica sen requirir doutra enerxía externa. son autobombas 100% ecolóxicas.

Mediante un ariete hidráulico, pódese conseguir elevar parte da auga dun río, regato, ou fonte a unha altura superior. Tamén se pode empregar para rega por aspersión. O ariete hidráulico foi patentado en 1796, por Joseph Montgolfier (1749-1810). Consiste nunha máquina que aproveita únicamente a enerxía dun pequeno salto de auga para elevar parte do seu caudal a unha altura superior.

A partir da súa invención, o ariete hidráulico tivo unha ampla difusión por todo o mundo. Baste dicir, a modo de exemplo, que estivo presente nas famosas fontes do Taj Mahal na India, ou no Ameer de Afganistán. Co tempo caeu en desuso, sobre todo debido ao avance irresistible da bomba centrífuga ou da bomba electromecánica. Nós interesámonos por este aparello debido a que é tecnoloxicamente accesible, eficiente, ecológico e moi didáctico.

Funcionamento



A auga acelérase ao longo do tubo de alimentación até alcanzar unha velocidade suficiente como para que se peche a válvula.

Entón créase unha forte presión, ao deterse a auga bruscamente. Este golpe de presión abre a válvula (B) e fai pasar un pequeno chorro de auga ao depósito (C), ata que se equilibran as presións. Nese momento, a gravidade abre a válvula (A) e péchase a (B), repetíndose de novo o ciclo. A auga, a cada golpe de presión fai fluír a auga, con continuidade, pola mangueira de elevación.

O ritmo de golpes por segundo adoita ser dun ou dous.

Os fontaneiros coñecen moi ben o golpe de ariete; cando se pecha bruscamente un circuíto aberto de auga, toda a tubaxe estremécese e os manómetros tolean. A miúdo prodúcense roturas de tubaxes nas casa por esta causa. O ariete hidráulico é unha máquina que provoca continuos peches bruscos dun circuíto con auga en aceleración e que aproveita as sobrepresións para mandar parte do caudal a unha gran altura.

Rendemento (R)

O rendemento do ariete hidráulico representa a porcentaxe de auga que se pode bombear en relación ao total da canalizada polo ariete, e varía en función do cociente H/h . Ao aumentar o valor resultante, o rendemento diminúe.

A variable “H” é a altura de elevación e “h” é o desnivel ou caída inicial da auga, “Q” é o caudal de alimentación e “q” é o caudal elevado. “R” é o rendemento da máquina nas condicións particulares seleccionadas. Así temos a seguinte fórmula que permite entrelazaras estas variables:

$$q = R \cdot Q \cdot h / H$$

Por exemplo:

$$Q \text{ (Caudal de alimentación)} = 100 \text{ litros/minuto}$$

$$h \text{ (desnivel de traballo)} = 2 \text{ metros}$$

$$H \text{ (Altura de elevación)} = 10 \text{ metros}$$

A relación $h/H = 2/10$, daquela o rendemento teórico do ariete nestas condicións equivale ao 70%. Debido a defectos do noso sistema (por exemplo unha tubaxe demasiado estreita), estimamos un rendemento do 50% en lugar do 70%. Así o caudal elevado será:

$$q = 0,50 \cdot 100 \cdot 2/10 = 10 \text{ litros/minuto}$$

Isto fai que nunha hora se eleven a 10 metros de desnivel 600 litros cada hora, ou 14.400 litros ó día, suficiente para regar ou fornecer unha explotación agropecuaria.

O ángulo de inclinación do tubo de alimentación debe estar entre os 10° e os 45° coa horizontal. A lonxitude do mesmo debe estar entre 5 e 10 veces a caída de auga inicial “ h ”, suficiente para que o líquido adquira suficiente inercia. O caudal de alimentación do ariete dependerá do diámetro do devandito tubo de acometida que será mellor canto máis diámetro teña. Hai que ter en conta que a auga que se acelera no tubo de alimentación, é a que provoca o “golpe de ariete”, polo que este ha de ter unha lonxitude, inclinación e diámetro adecuados, sen curvas nin estreitamentos que provoquen perdidas de carga por rozamento.

Táboa de rendemento dun ariete convencional.

$H/h =$	2	3	4	6	8	10	12
$R =$	0,85	0,81	0,76	0,67	0,57	0,43	0,23

Táboa dos calibres das tubaxes de alimentación máis axeitados:

Caudal de alimentación “Q” Lit/min.	30	60	90	120	250	500	1000
Diámetro do tubo, en pulgadas e m/m.	$1\frac{1}{4}$ 35	$1\frac{1}{2}$ 41	2 52	$2\frac{1}{2}$ 70	3 80	5 125	8 /200



4.3.- FABRICAMOS BIODIÉSEL

Nos últimos tempos estamos a preocuparnos máis polo prezo dos combustibles. A carestía destes produtos é un indicativo clarificador da economía do noso país porque somos completamente dependentes do estranxeiro. Non parece que os prezos vaian a baixar porque estas fontes de enerxía non son renovables, estanse esgotando e, sen embargo, a súa demanda aumenta. Pensemos que en España o 70% da enerxía que gastamos procede do carbón e do petróleo. A enerxía nuclear abastécenos de electricidade e representa un 15% do total. O restante 15% da enerxía consumida ten outras orixes que poderíamos chamar renovables ou alternativas.



Parece importante fomentar as enerxías renovables porque son as enerxías dun futuro non tan lonxano. Para ampliar a banda de tolerancia económica debemos fomentar o coñecemento e o uso destas enerxías.

A proposta que lles facemos ós nosos alumnos é a de fabricar biodiésel a partir de aceites domésticos usados. A actividade resulta moi plástica e recreativa. Induce á participación colectiva e fomenta a recollida selectiva.


O aceite procede sobre todo das frituras e, polo tanto, debe recollerse en pequenas cantidades case todos os días. Para isto cada participante disporá dun recepente no que almacenar un aceite bastante deteriorado.



O aceite recollido é unha mestura de tres calidades: oliva, xirasol e soia. Debemos ter en conta a proporción de aceite de soia no proceso porque ten moitos fosfolípidos que alteran as proporcións de reactivos que debemos

empregar e tamén xera máis residuos que os outros podendo chegar a “cortar” a reacción. Proporcións elevadas de aceite de oliva precisan de modificar a cantidade de base empregada porque aporta máis acidez que o de xirasol.

Logo da recollida no centro, procedemos a medir as cantidades necesarias para elaborar entre 10 e 15 litros de biodiésel por sesión.



O equipo de transformación foi realizado por nós mesmos e procede de materiais recuperados. Consta dos seguintes elementos:

- Un reactor químico de aceiro de 25 litros de capacidade, con axitador que se acopla a un taladro e un termómetro para controlar exactamente a temperatura de reacción.

- Un fogón circular eléctrico de 1500 watos.
- Un recepente decantador de 25 litros de capacidade.
- Un recepente de lavado de 25 litros, transparente.
- Botellas de plástico transparente de 5 litros para separar produtos de reacción.
- Mangueiras, embudes, filtros nanométricos e billas para facer os transvases de líquidos.
- Luvas, gafas e outros materiais de seguridade.

Os reactivos químicos que empregamos son os seguintes:

- Alcol metílico
- Sosa cáustica (hidróxido de sodio)
- Reactivos para medir o pH (acidez)
- Vinagre
- Auga

Os produtos obtidos son os seguintes:

- Biodiésel (metil-ester de ácidos graxos)
- Glicerina (propanotriol)

- Aceites residuais
- Auga con fosfolípidos, proteínas e cinxas de aceite queimado.



O proceso de fabricación consta das seguintes etapas:

Decántase o aceite durante uns días para que repousen os lodos.

Fíltrase o aceite das impurezas más grossas cun filtro de maia non moi fina.

O aceite decantado e filtrado bótase no reactor xunto co metanol e unha pequena cantidade de sosa que actúa como catalizador.

Axitáse a mestura a 58 °C durante 10 minutos cunha axitación forte. Nós utilizamos un taladro de 600 watos para este proceso.



Déixase repousar a mestura 12 horas. Ó cabo deste prazo observamos como aparecen dúas fases: unha superior de biodiésel impuro e outra inferior de glicerina con algo de metanol e impurezas que non reaccionaron do aceite.

Decantamos a glicerina, que é máis densa có biodiésel.

Lavamos o biodiésel dúas veces coa mesma cantidade de auga que combustible. O lavado consiste nunha axitación forte do biodiésel con auga nun recipiente transparente. A mestura adquiere un aspecto leitoso. Logo engadimos un vasiño de vinagre para iniciar a decantación das proteínas liposolubles que están no biodiésel.

Transcorridas 8 horas o combustible sepárase da auga branquecina e recóllese aparte.

Quéntase o biodiésel a 80 °C durante 5 minutos para extraerlle a humidade do lavado.

Logo que arrefría pasamos a filtralo nun tecido de maia nanométrica que impide o paso de impurezas moi diminutas que podrían obstruír o filtro do combustible o vehículo.



Este combustible que facemos foi probado primeiramente nun motor dunha segadora que arrancou perfectamente. Logo fixemos probas nun coche, mesturándoo progresivamente nun 10%, 20% etc, co refinado do petróleo. Os resultados foron sorprendentes.

Observamos como o vehículo pasou as probas da ITV de opacidade de gases e tamén que o coche andivo uns 1000 km sen ningún tipo de fallo e coa mesma potencia que usando combustible convencional.

Elaboramos grellas de control de gastos e producción e concluímos que o litro nos sae a uns 50 céntimos, sen contar co traballo persoal.

Un reto foi aproveitar os residuos. Coa glicerina con restos de metanol fixemos dous produtos perfectamente viables: xabón de glicerina e combustible para acender cociñas de leña. A auga do lavado serviuños como líquido fertilizante. Os lodos do aceite (unha cantidade que non chega ó 1% do aceite empregado), envasámolos e levámolos ó punto verde de Lugo.

Como ben se pode ver, esta actividade é moi eficaz nos resultados e tremendalemente pedagóxica. O único inconveniente que salientar afecta ó tino que se debe ter na manipulación dos reactivos, que son cáusticos e nocivos. Para manipularlos convenientemente empregamos luvas e gafas de seguridade. Para manipular o metanol sempre o fixemos en exposicións curtas, protexendo boca e ollos, e nunha estancia ben ventilada. Os vapores de metanol poden ser tóxicos, pero como reaccionan nun recepiente estanco non presenta graves problemas ó quentalo a 58 °C. De feito engadímolo en frío a un aceite proporcionalmente máis quente que o necesario para que a mestura final estea a 58 °C e sempre por debaixo do punto de ebulición do metanol. Así tamén evitamos problemas de inflamabilidade.

Gustaríanos moito seguir investigando na obtención de biocombustibles como o bialcol ou bioetanol que se empregan para substituír a gasolina nos vehículos de combustión interna.

4.4.- RECUPERAMOS E RECICLAMOS MATERIAIS

Neste apartado facemos, coma sempre, fincapé na reutilización de obxectos de uso cotiá para redescubrir neles unha utilidade.


Un exemplo témolo na recuperación de botellas tipo PET, os envases de refresco de 1,5 e 2 litros. Xuntando uns cantes fixemos un xoguete completamente ecolóxico, un coche coma os que venden nas feiras ós nenos pequenos.



De PET tamén temos barcos, muíños eólicos, flores e incluso unha clepsidra, que é un reloxo coma os de area pero con auga en vez de area.

Tamén construímoxos estruturas cun pegamento caseiro a base de fariña, cola de carpinteiro e alcol. Con elas fixemos unha colección de polígonos e poliedros.

Os de 4º de ESO, na materia de Tecnoloxía, están a construír unha radio caseira uns e un coche que segue a luz outros, tamén con materiais comúns como chapa de madeira, latas e plásticos, aparte de elementos de electrónica que hai que mercar.



Os de 2º de ESO estiveron traballando con materiais plásticos como corresponde co currículo da materia de Tecnoloxía. Pero tamén se atreveron a fabricar un plástico non agresivo co medio natural e sen toxicidade. É un plástico que se moldea en frío e que, co paso do tempo, fragua e endurece dun xeito considerable. Parece como unha plastilina pero que se pon dura o deixala secar un par de días. Por ahí adiante coñécese como “porcelana fría”.

A porcelana fría é unha masa que esta composta de cola vinílica e fécula de millo basicamente. Coñecida en todo o mundo, en cada rexión ou país recibe un nome diferente. Chámanlle masa flexible, Porcelanicron, Biscuit ou pasta de Maicena, entre outros.

É un material co que se poden modelar volumes pequenos e tamén de gran tamaño. As súas características son suavidade, brancura e elasticidade.

A masa non require de forno xa que seca a temperatura ambiente. Outra das súas características é que a medida que seca perde do 15% ó 20% do volume inicial. Por este motivo é bo ter en conta as proporcións do que se desexa modelar e tamén deixar ven ventilado o obxecto para que non cuartee.

A porcelana pódese colorear ou tinguir con acrílicos, temperas, óleos e colorantes vexetais ou tamén unha vez seca a peza pódese pintar e lograr diferentes efectos.



Receita aproximada da Porcelana Fría

- 500 grs cola vinílica (cola branca de carpinteiro)
- 300 grs fécula de millo
- Unha cullerada (10 c.c) de aceite corporal
- Unha cullerada de glicerina ou, no seu defecto, unha de vaselina
- 10 gramos de benzoato sódico ou, no seu defecto, 10 cc de alcol como conservante



O proceso de “cociñado” é o seguinte:

Primeiro mestúranse todos os ingredientes e reméxense ben, que non queden grumos de fariña. O aspecto é dunha crema compacta, coma se fose pintura plástica espesa. Aquí xa se pode pigmentar a crema usando colorantes coma témpera líquida, colorante alimentario ou

calquera outra pintura escolar que se disolva ben.

A continuación ponse o fluído a quentar nunha tixola, a lume lento (na cociña de indución onde a fixemos estivo no nº4), e remexemos lentamente durante 10 ou 15 minutos. Pasado o tempo e coa masa a uns 50 °C a cousa empeza a callar. Parece un proceso similar ó de cociñada da bechamel. na imaxe podedes ver o aspecto neste intre.

Logo hai que remexer evitando que a masa se pegue no fondo da tixola.

Pasados cinco minutos teremos unha masa moi compacta que debemos retirar do lume para evitar que se toste ou empece a fraguar en sólido.

Sen esperar a que arrefíe, amasamos enerxicamente a “plastilina” e envolvémola en pequenas doses en papel de celofán para que non seque. O tamaño de cada paquetiño pode roldar entre 100 e 300 gramos, o suficiente para usar dunha soa vez con posterioridade.

Aquí tedes algunha das figuriñas que fixemos.



4.5.- ADITIVOS ALIMENTARIOS PERIGOSOS

Os rapaces de 3º de ESO fixeron unha escolma dos principais aditivos alimentarios que resultan nocivos. A maioría inxerímoslos sen percetarnos da súa presenza nos alimentos manipulados industrialmente e semellan ser inocuos. Pero se mirades un pouco máis atentamente poderedes ver que non é así.

Coidado co que comedes, rapaces e non tan rapaces. Moitas lamberonadas conteñen aditivos que son adictivos. Moito ollo. Aquí vos deixamos un resumo dos más importantes.

NOME FÓRMULA	CARACTERÍSTICAS	PERIGOS E RISCOS	IMAXE
GLUTAMATO MONOSÓDICO E-621	La única razón por la que se utiliza este condimento es para potenciar el sabor y el aroma de la comida y acortar el tiempo de preparación.	Los síntomas son diversos y dependen del grado de ingesta del glutamato, pero empiezan con unos dolores de cabeza horrorosos, puedes tener problemas digestivos, depresión e incluso edema de glotis .	
GLUTAMATO MONOPOTÁSICO E-622	La única razón por la que se utiliza este condimento es para potenciar el sabor y el aroma de la comida y acortar el tiempo de preparación.	Puede producir cáncer.	
GLUTAMATO CÁLCICO E-623	La única razón por la que se utiliza este condimento es para potenciar el sabor y el aroma de la comida y acortar el tiempo de preparación.	Puede producir cáncer.	

GUANILATO DISÓDICO	Potenciador del sabor bastante caro.	Puede producir hiperactividad.	
ASPARTAMO E-951	Catalogado de potente edulcorante, riesgo de cáncer tomando aspartamo.	Estudios independientes dicen que provoca: cáncer, amnesia, alzheimer, etc ...	
SACARINA SÓDICA E-954	Se obtiene mediante síntesis química del tolueno o de otros derivados del petróleo.	Hay estudios que indican que la sacarina puede ser potencialmente nocivo para el feto durante el embarazo. La sacarina puede traspasar la placenta y puede afectar al niño causando irritabilidad y alteración muscular.	

ACESULFAMO-K E-950	Potenciador del sabor y edulcorante sintético que endulza 200 veces más que el azúcar.	Podría ser cancerígeno y estar unido a la hipoglucemia, a tumores pulmonares, al colesterol alto y a la leucemia.	 
FURANO:	Se utiliza en la producción de lacas, como disolvente para resinas y en la síntesis de productos químicos para la agricultura insecticidas, estabilizantes y productos farmacéuticos.	Potencialmente cancerígena.	
ACRILAMIDA	Es blanca, inodora y cristalina, soluble en agua, etanol, éter y cloroformo. Se forma en alimentos durante su cocinado o procesado a altas temperaturas (especialmente en los productos que contienen almidón), también es un componente del humo del tabaco.	Es un compuesto orgánico catalogado como cancerígeno , que se puede formar a partir de la cocción de los alimentos con contenido en almidón y a temperaturas superiores a 120º C.	
DIOXINAS	Son productos tóxicos de desecho que se forman al quemar desperdicios que contienen cloro, o bien en la manufactura de productos que contienen cloro.	Puede producir cáncer.	

4.6.- FABRICACIÓN DE IOGUR CASEIRO

A idea de fabricar iogures e viño caseiro xurdiu cando estabamos estudando os microorganismos na materia de ciencias naturais. Sabemos que algúns microorganismos utilizan os nosos alimentos como fonte de materia e de enerxía. Algúns contaminan os alimentos, estráganos e inutilízanos para o consumo humano pero hai outros que ao contrario, transforman uns alimentos noutros de grande importancia económica.

Fixemos grupos pequenos de alumnos para que cada un citase algúns exemplos do papel beneficioso ou prexudicial dos microorganismos nos alimentos e así despois organizar unha posta en común. Entre as distintas ideas xurdiu a transformación do leite en iogur e o zumo de uva en viño. O paso seguinte foi obter información e levalos á práctica.



O iogur é o resultado da fermentación láctica do leite mediante dúas bacterias: o *lactobacillus bulgaricus* e o *spreptococcus thermophillus*. O iogur contén moitas más bacterias pero só estas dúas son as responsables da fermentación aceda do leite. As bacterias, a unha certa temperatura,

nútrense da lactosa do iogur e producen un produto de desfeito que é o ácido láctico que dá ao iogur o seu aroma e acidez característicos.

Ingredientes para fabricar iogures:

- 1 litro de leite (mellor se é fresca, non pasteurizada)
- Lactobacillus bulgaricus* e *spreptococcus thermophillus*, que os atopamos nun iogur natural ou en sobres (fermentos para iogur) que podemos comprar en centros especializados.
- Azucré
- Leite en po (opcional para dar máis cremosidade)
- Aromas, froita, chocolate, café, vainilla, etc.
- Tarros ou vasos de vidro con ou sen tapa
- Un termómetro
- Unha iogurteira.

Preparación do iogur caseiro:

Mesturamos o leite co iogur ou cos fermentos. Engadimos unha cullerada de leite en po se queremos un iogur más denso e un pouco de azucré. Dividimos o leite entre os vasiños da iogurteira, acendemos e deixamos durante toda a noite (normalmente desde un mínimo de 8 horas a un máximo de 12). Tapamos os envases e deixamos no frigorífico polo menos durante 3 horas.

O iogur xa está listo para o seu consumo!

Como podedes ver é unha práctica fácil, rápida e moi económica para estes momentos de crise. O resultado obtido foi boísimo polo cal decidimos repetir a fabricación variándolle os aromas, a nos particularmente o que más nos gusta e o que lle incorporamos anacos de froitas: fresas, melocotón e kiwi.



5.- PARTICIPANTES

1º de ESO

1	Oscar	Doval	Fernández
2	Andrés	Fernández	Fernández
3	Ángel	López	Sánchez
4	Ricard Miquel	Munday	Coll
5	Harold Alexis	Padua	Calle
6	Agustín	Pérez	Oliu
7	José Luis	Sánchez	Martínez
8	Manuel	López	López

Profesores:

Manuel Otero Méndez
Carlos Presas Aguiar
Mª Dolores Carmona Álvarez
Dolores Arias Carmona
Miguel Leiva Torreiro

2º de ESO

1	Alejandro	Abuide	Balsa
2	Manuel	García	García
3	Cristian	Gómez	Jacob
4	Estefan	González	Expósito
5	Alexander	López	Neira
6	Isaac	Lozano	Coello
7	Alexandre	Pereira	Real
8	Adrián	Pérez	Prado
9	Arturo	Rodríguez	Gómez
10	Julián	Seoane	Trinidad
11	David	Varela	García
12	Marcos	Vidal	Márquez

3º de ESO

1	David	Armesto	Valcárcel
2	Aarón	Castro	Lugilde
3	Manuel Fernán	Fompedriña	Fuentes
4	Alejandro	Martín	Aira
5	Emilio	Mouriño	Rodríguez
6	Ángel	Pérez	Carbón

4º de ESO

1	Daniel	Capón	Gómez
2	Manuel	Castro	García
3	Adrián	Díaz	Ferreiro
4	Sergio	Fernández	Liñares
5	Mario	Santos	Martín
6	J. Ramón	Sobrado	Blanco
7	David	Tomé	Abad
8	Daniel	Vázquez	Rodríguez
9	David	Vilar	Ferreiro
10	David	Vilariño	Turrión
11	Roberto	Villares	Prado